

ANEXO I
SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN A DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2017

Nº DE PROTOCOLO ¹	2017/187
------------------------------	----------

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE
Caracterización e mellora do tomate San Lázaro nun sistema de agricultura ecolóxica

2.- TIPO DE ACTIVIDADE²
Campo de ensaio

3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Unidade: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
Enderezo: Estrada Betanzos-Mesón do Vento Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo
C. Postal: 15318 Concello: Abegondo Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: Manuel López Luaces
Cargo: Director Tfno.: 881881801 Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es

4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Unidade: Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo
Enderezo: Lugar de Bos 14 Guísamo
C. Postal: 15640 Concello: Bergondo Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade: Xosé Lois Arenas Barreiro
Cargo: Director Tfno.: 881881042 Correo_e: xose.lois.arenas.barreiro@xunta.es

5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (Que non sexan da Consellería do Medio Rural)
Unidade ou entidade:
Enderezo:
C. Postal: Concello: Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade:
Cargo: Tfno.: Correo_e:

6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO³
Centro:
Enderezo:
C. Postal: Concello: Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da entidade:
Cargo: Tfno.: Correo_e:

¹ A encher polo Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatísticas e Publicacións

² Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

³ Só no caso de campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.



7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

Igual que na meirande parte da Unión Europea, o ascenso da agricultura ecolóxica prodúcese a partir da posta en marcha da normativa europea sobre produción agraria ecolóxica no ano 1991. A partir do ano 2000 e cando comeza un proceso de crecemento máis ou menos sostido das superficies ocupadas, pasando dunhas 380.000 ha no ano 2000, a máis de 1.800.000 ha no ano 2011, segundo datos do Ministerio de Agricultura Alimentación e Medio Ambiente para o 2011.

A superficie inscrita en agricultura ecolóxica en Galicia, está ó redor das 14.000 ha, o que representa un 0.8% do total nacional, seguindo a evolución desta superficie a mesma dinámica que no resto do Estado, aínda que cun inicio máis tardío. Relacionados con esta superficie inscrita, hay en Galicia uns 484 produtores, dos cales, 289 son produtores agrícolas. A evolución nos últimos 10 anos, tanto de superficie como a de número de operadores, sigue sendo positiva.

O consumo de produtos ecolóxicos está a medrar fundamentalmente naqueles países cun certo grado de desenvolvemento económico. A esta tendencia no é allea Galicia, ó que se lle suma o interese dos consumidores por produtos de calidade, relacionando esta calidade con produtos tradicionais galegos ou do "país".

A agricultura ecolóxica baséase nunha produción na que o emprego de fertilizantes e pesticidas está moi limitado, polo que o cultivo de variedades autóctonas, mellor adaptadas ó medio, é o máis adecuado para este tipo de manexo. Así, de cara o consumidor e a valoración do produto, sumaríase ó feito da calidade que ten un produto ecolóxico, o valor engadido que teñen as variedades autóctonas ou tradicionais.

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, comenzo no ano 1996 a traballar con ecotipos de especies de interese hortícola, recuperando, mellorando e seleccionando variedades de pementos, cebolas, repolo e tomates autóctonos. Dende o ano 2009, traballouse no CIAM, na recollida, caracterización e selección de diferentes liñas de tomate galego. O interese dos agricultores e cooperativas por algún de estos ecotipos de tomate, e tamén por parte dos consumidores, despertou o interese das empresas comercializadoras, existindo xa algún proxecto conxunto entre os dous sectores. Froito de todo este traballo, foi a publicación no ano 2015 dunha guía das variedades autóctonas de tomates de Galicia, que axudou a dar a coñecer moitas de estas variedades.

No ano 2010, en diversas zonas climáticas de Galicia, levouse a cabo un campo de ensaio coordinado polo CIAM, de cultivo das variedades autóctonas de tomate "San Lázaro" entre outros, no que se obtiveron diferentes datos de caracterización físico-químicos das variedades. Estas variedades amosaron boas cualidades productivas e de calidade, polo que de cara a súa introdución no ciclo productivo, é necesario facer unha selección e mellora das mesmas, e ver como se comportan nun sistema de agricultura ecolóxica.

No ano 2016, estableceuse no CIAM un campo de ensaio coa variedade San Lázaro, para avaliar o seu comportamento nun sistema de agricultura ecolóxica, amosando moi bos resultados tanto no referido á produción como no comportamento fronte a pragas e enfermidades, facendo unha selección das plantas que amosaron os mellores resultados e das que se obtivo semente para continuar coa selección.

8.- OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do campo de ensaio, é avaliar o comportamento da variedade denominada "San Lázaro" nun sistema de cultivo ecolóxico en invernadoiro, a partir da semente obtida da selección feita no ano 2016, comprobando que os caracteres empregados na selección seguen sendo axeitados.

Os obxectivos específicos serían:

- Avaliar o comportamento agronómico, referido á produción, nun sistema de cultivo ecolóxico.
- Avaliar o comportamento fronte a pragas e enfermidades.
- Avaliar a características físico-químicas e comerciais das producións.
- Seleccionar as plantas que mellor comportamento mostren dentro dos parámetros anteriores, que darán lugar a diferentes liñas de selección.
- Obtención de semente, que será conservada no Banco de Xermoplasma do CIAM.



9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

9.1.- Localización

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

9.2.- Planificación da actividade (no seu caso, programa). No caso de campos de demostración ou de campos de ensaio descrición de todas as fases. (xuntar croquis e deseño das parcelas)

Material que se vai ensaiar e factores que se van estudar

O ecotipo que se vai a empregar, é o denominado "San Lázaro". A semente a empregar, procede da selección feita no ano 2016 (13 plantas).

Os factores a estudar serán:

- Produción e calibres dos froitos.
- Avaliación da incidencia de pragas e enfermidades.
- Caracterización físico-química da variedade (ºBrix, acidez e dureza)
- Produción comercial.

Deseño experimental , duración e labores de mantemento

O ensaio terá lugar ó longo dos meses de primavera e verán (de Maio a Setembro), nun invernadoiro de 500 m². O deseño experimental será en bloques ó chou con dúas repeticións. A parcela elemental estará formada por 100 plantas.

A sementeira farase en invernadoiro, en bandexas de polietileno de 60 alvéolos, para posteriormente facer o transplante manual con cepellón ó invernadoiro de cultivo, sobre acolchado, utilizando como sustrato, turba e perlita.

Previamente ó establecemento do cultivo, realizaranse análises de terra para determinar as características do solo. O sistema de rega será á pinga. As labores culturais serán as habitualmente empregadas na zona.

O marco de plantación será de 0,8x0,6 (2 plantas/m²), con 10 plantas por liña. As plantas entitoraranse individualmente, con fio de rafia. Como labores complementarias do cultivo, farase a poda das plantas a un só talo.

Unha vez comezado o periodo de colleita, marcaranse 4-5 plantas por liña, nas que se controlará tanto a produción como os calibres.

Os tratamentos fitosanitarios, serán os estrictamente necesarios, e sempre empregando produtos admitidos na agricultura ecolóxica, así como sistemas de loita preventiva (plantas repelentes, trampas cromoscópicas).



9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

O persola encargado da realización da acción de transferencia serán os responsables da sección de horta do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, da Estación Experimental Agrícola de Baixo Miño e do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guisamo:

- Alfredo Taboada Arias
- Manuel Riveiro Leira
- Pilar Castro García

9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido

A acción de transferencia vai dirixida ó sector de horta galega, tanto ó sector produtor (agricultores individuais e cooperativas) ó sector da distribución e ós consumidores.

10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

Reunións:

Visitas:

Poderanse organizar visitas ó campo de cultivo para centros de formación agraria, GDR, cooperativas ou asociacións que así o requiran.

Publicacións:

Os datos recollidos durante os campos de ensaio permitirán a realización de artigos divulgativos para dar a coñecer o cultivo da variedade nun sistema de agricultura ecolóxica.

Artigos de prensa:

Programas de TV e/ou Radio:

Contactarase cos responsables dos programas sobre temas agrarios da CRTVG para a difusión destes campos de ensaio, os obxectivos perseguidos e os resultados acadados.



11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

11.1.- Data de realización (aproximada):

11.2.- Duración da actividade:

Horas teóricas:

Horas prácticas:

11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores):

- Explotacións:

- Empresas:

Entidades Asociativas:

11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cunha X):

Zona desfavorecida

Zona de montaña

11.5.- Actividades dirixidas só a (poñer si ou non):

- Mozos/as agricultores (que non teñan cumpridos 41 anos) _____

- Mulleres do medio rural (de máis de 41 anos) _____

- Persoas que se incorporen ao sector primario maiores de 41 anos _____

- Agricultor/a activo/a _____